

>>>> VII PREMIO <<<<<

DANIEL DOMÍNGUEZ

DE GUIÓN EN GALEGO

Continuando cos obxectivos plantexados na primeira edición – potenciar a lingua galega no audiovisual, promover aos autores e autoras que escriben en galego e axudar a difundir o traballo dos nosos socios -, a Asociación Sindical Galega de Guionistas convoca o “VII Premio Daniel Domínguez de Guión en Galego para Longametraxe”.

BASES

1. O premio estará aberto a todas as persoas autoras maiores de idade que o desexen, de calquera nacionalidade, que residan no territorio español. Quedarán excluídos desta convocatoria os membros da Xunta Directiva de AGAG, que conformarán o xurado.
2. Os guións presentados deberán estar escritos en lingua galega e para longametraxes de ficción. A temática das obras será libre, pero valorarase que a acción transcorra en Galicia.
3. Non se admitirán sinopses, tratamentos ou guións inacabados. As obras deberán ter formato profesional e estar inscritas no Rexistro da Propiedade Intelectual. Aquelas obras que carezan dunha presentación profesionalmente adecuada poderán ser descalificadas a xuízo do xurado.
4. As persoas autoras deberán garantir que a súa obra é orixinal e inédita. No caso de que o guión fose unha adaptación dunha obra pre-existente, as persoas autoras deberán atoparse en posesión dos dereitos de adaptación, ou a obra orixinal deberá atoparse no dominio público.
5. As obras presentaranse baixo plica mediante un [formulario](#). A persoa que exerce a coordinación de AGAG será a encargada da xestión da documentación e fará acuse de recibo de cada solicitude. A información requerida é a seguinte:
 - a) Correo electrónico
 - b) Nome completo da/s persoa/s autora/s
 - c) Pseudónimo/s
 - d) Título da obra
 - e) Redes sociais da/s persoa/s autora/s
 - f) Fotografías da/s persoa/s autora/s



g) Guión: Na portada debe figurar soamente o título do guión e o pseudónimo. O nome do arquivo debe ser o TÍTULO DA OBRA en maiúsculas. (PDF)

h) Declaración de autoría: Declaración por parte da/s persoa/s autora/s de que a obra é orixinal e inédita. Deberá estar asinada pola/s persoa/s autora/s. (PDF)

i) Copia do certificado de inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual: Se non é posible obter dito certificado antes do fin do prazo de presentación de obras, será suficiente con presentar unha copia da solicitude do mesmo. (PDF)

j) Autorización para o uso de datos: Autorización a AGAG por parte da/s da/s persoa/s autora/s para o uso dos seus datos persoais nas xestións do premio.

6. O prazo de admisión dos guións será do 4 de xullo ao 31 de outubro (inclusive) do 2025.

7. O xurado do premio estará conformado polos membros da Xunta Directiva de AGAG. Valorará a calidade, interese e viabilidade dos guións, así como especialmente aqueles traballos que mostren unha perspectiva de xénero.

8. De entre os traballos presentados, o xurado escollerá tres finalistas, que se anunciarán o venres 5 de decembro de 2024 a través dunha nota de prensa aos medios de comunicación e nas redes sociais de AGAG. O fallo definitivo farase público o venres 12 de decembro nun acto público, a través dunha nota de prensa aos medios de comunicación e nas redes sociais de AGAG.

9. O premio non poderá declararse deserto, e o fallo do xurado será inapelable. En caso de empate nas votacións, o/a Presidente/a de AGAG exercerá o seu voto de calidade.

10. O premio contará cunha dotación económica de dous mil euros (2.000,00 €), sometidos á tributación que a lexislación marque pertinente. Os outros dous finalistas recibirán un diploma acreditativo da súa designación como tales.

11. A persoa ou persoas premiadas comprométense a que na firma de contratos de cesión posteriores á concesión do premio conste explicitamente que nas copias da longametraxe por realizar, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material promocional deste, figure a mención “VII Premio Daniel Domínguez de Guión en Galego para Longametraxe” e o logotipo de AGAG.



12. No caso de que o/a autor/a ou autores/as da obra gañadora do premio non pertencesen a SGAE, comprométense a inscribir a mesma no catálogo desta entidade de xestión de dereitos de autor, unha vez o guión galardoado se exhiba publicamente.

13. Será descualificada toda obra que, antes do fallo do xurado, fose filmada con anterioridade, ou se atopase comprometida ou baixo proceso de negociación con algunha empresa audiovisual.

14. Os exemplares das obras non seleccionadas non se devolverán ás persoas autoras, sendo destruídos a partir da notificación do texto premiado.

15. A inscrición neste certame supón a aceptación íntegra das súas bases.

16. As persoas participantes eximen a AGAG de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente que aquelas puidesen cometer no certame.

En Santiago de Compostela, a 4 de xullo de 2025

Organiza:



Co apoio de: **fundación sgae**

Co patrocinio de:



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS